

## Máis de 150 escolares participarán hoxe nas actividades a prol do galego

▶ Alumnos do CEIP Álvarez Limeses participarán nun roteiro, mentres que os de Barcelos participarán nun obradoiro

PONTEVEDRA. Máis de 150 escolares participarán hoxe nas actividades que promove a Concellería de Normalización Lingüística nos centros de ensino. Dous roteiros infantís e dous obradoiros 'O misterio de Antón Fraguas' pecharán a programación da semana e darán paso as actividades do 17 de Maio, Día das Letras Galegas, desenvolvidas ao abeiro do Maio Mes da Lingua, segundo informou o Concello.

Todas estas propostas teñen como obxectivos xerais promover o uso da lingua galega, con especial insistencia dos usos orais, reflexionar sobre a situación da lingua e aprezoar a lingua como riqueza patrimonial viva e útil.

Hoxe haberá dous roteiros infantís, no que participarán dous grupos de 27 alumnos de 6º de Infantil do CEIP Álvarez Limeses. Farán un percorrido guiado polo centro histórico, para descubrir a cidade a través de xogos. En cada parada haberá unha misión específica e didacticamente axeitada á historia do lugar e á idade dos participantes: na praza da Estrela terán que debuxar as imaxes da Casa das Caras e adiviñar a que gremio pertencen; na da Verdura recrearán un mercado tradicional; medirán o Teucro cos seus pasos xogando coas medidas antigas e na Pedreira pecharán os ollos para reconecer os sons que habería antes da nosa época.

**CASTELAO.** Dous grupos de 1º e 2º de Primaria do CEIP Barcelos, de 50 escolares cada un, asistirán a cadanseu obradoiro 'O misterio de Antón Fraguas', impartido por Polo Correo do Vento. Mentres a rapazada escoita a historia de Antón Fraguas contada por un dos autores, o ilustrador realiza un mural vinculado ao conto. Comezará despois unha rolda de prensa guiada polos autores, na que os rapaces e rapazas interaccionan co conto e co debuxo de xeito que se traballa a comprensión e expresión.

As actividades complétanse cunha exposición itinerante, 'Castelao e nós. Unha viaxe pola súa obra', que se pode ver ata o 7 de xuño na EPA Río Lérez. A través de textos e debuxos de Castelao a mostra trata diversas cuestións.

# Premios de innovación para os IES Frei Martín e Montecelo e o CIEP Carlos Oroza

▶ Os proxectos elixidos, entre os once da provincia, son un triciclo anfíbio eléctrico, a aplicación do bagazo da uva á cosmética e á alimentación e impresoras cartesianas ▶ Suman 44.386 euros

**CHUS GÓMEZ**  
PONTEVEDRA. Un triciclo anfíbio eléctrico, a valorización do bagazo da uva para elaborar produtos cosméticos e de alimentación e unhas impresoras cartesianas 4.0 de gran formato con aplicacións gastronómicas son as tres ideas orixinarias de Pontevedra que foron recoñecidas cos premios a proxectos de innovación que concede a Consellería de Educación. Pertencen, respectivamente, ao IES Montecelo, ao IES Frei Martín Sarmiento e ao CIEP Carlos Oroza. Na provincia foron premiados outros oito proxectos, un deles no IES Chan do Monte (Marín).

O obxectivo desta convocatoria, explica a Xunta, é impulsar iniciativas e proxectos innovadores no ámbito da Formación Profesional, ao tempo que se fomenta a colaboración con empresas e institucións do seu contorno e con outros centros educativos. Tamén se quere favorecer o emprendemento e a aparición de novas iniciativas empresariais, especialmente aquelas que sexan susceptibles de pórse en marcha na Rede galega de viveiros de empresa.

A convocatoria estrutúrase en dúas modalidades. A primeira está destinada a proxectos que teñan como obxectivo a xeración de innovación tecnolóxica ou científica e que redunden na mellora de procesos de produción ou de prestación de servizos. As iniciativas debían estar orientadas a impulsar a transferencia tecnolóxica entre os centros educativos e o contorno produtivo, así como ter unha incidencia significativa na futura inserción laboral do alumnado e na súa empregabilidade,

favorecendo a aparición de oportunidades laborais e iniciativas empresariais.

Nesta categoría foron premiados os dous institutos pontevedreses. O IES Montecelo, que viña de presentar na Cidade da Cultura os dous proxectos seleccionados o ano anterior, recibiu 10.142,22 euros para facer realidade o Aquamóvil Adapt. Segundo explicou o director do centro, Miguel Carballa, trátase dun triciclo anfíbio de funcionamento eléctrico no que unha persoa en cadeira de rodas podería desprazarse directamente da súa casa ao mar.

A intención é crear un prototipo de baixo custe («unha vez rematado e feitas todas as probas, o precio para unha produción de 25 ou 30 unidades baixaría á cuarta parte», apunta) que permita a independencia e o confort na vida diaria de persoas con mobilidade reducida. Así mesmo, é compatible co uso de enerxías limpas e respectuosas co medio ambiente.

Con este invento daríase resposta ás persoas con mobilidade reducida «que non sempre

poden acceder a actividades de contacto na natureza de maneira independente, regular e a baixo prezo».

**DO LAGAR Á PEL.** O proxecto do IES Frei Martín Sarmiento está dotado con 20.403,76 euros. Segundo explicou o director do centro, David Alvariño, contan coa colaboración do CIEP Manuel Antonio (Vigo) e do IES da Pobra do Caramiñal.

No centro de referencia están implicados uns 80 estudantes dos ciclos de Estética, Dietética e Mecanizado. «O proxecto consiste en extraer as pebidas da uva, do bagazo, e exprimilas para obter aceite, que logo se aplicaría á cosmética e á alimentación». A idea xurdiu do maxín da docente Martina Cordido, que a plantexou a principios de curso. «Pareceu-me moi interesante,

porque non había nada feito deste tipo nos centros educativos. Tráballouse moito, polo que estamos encantados co premio».

O departamento de Imaxe Persoal asumiu a investigación, o de Mecanizado construíu a máquina coa axuda dos centros colaboradores e o de Sanitaria estudará a aplicación alimentaria. Tamén contan co apoio das adegas Martín Códax, que lles proporcionarán o bagazo das uvas albariñas.

O proxecto do CIEP Carlos Oroza, unhas impresoras cartesianas 4.0 de gran formato con aplicacións gastronómicas, poderá materializarse cun premio de 13.840,70 euros. Este encádrase na modalidade B, na que recoñecen as iniciativas orientadas á introdución e á aprendizaxe de novos contidos, tecnoloxías avanzadas, e instru-

mental ou maquinaria na aula ou no taller, potenciando o deseño de materiais didácticos, deseño de prototipos ou simuladores, laboratorios para prácticas ou maquetas, aplicacións informáticas, etcétera.



Prototipo do Aquamóvil Adapt. CEDIDA

## A XI Semana da Música do IES A Xunqueira II terá lugar do 27 ao 31 de maio

▶ O instituto aproveitará a data da clausura para celebrar a tradicional xornada de acollida do alumnado que iniciará Secundaria o vindeiro curso

**C.G.**  
PONTEVEDRA. O IES A Xunqueira II celebrará a decimoprimeira edición da Semana da Música entre o 27 e o 31 de maio, segundo informou onte o centro nunha nota.

A actividade desenvolverase no período de lecer curto, entre as 10.25 e as 12.05 horas e os distintos grupos de alumnado asistirán por quendas. Así, o luns 27 actuarán Os Trasnós, que agrupan a so-

listas, grupos, bailes e proxeccións de estudantado do propio centro.

As actuacións do martes 28 serán a cargo do IES Frei Martín Sarmiento, mentres o 29 volverán subir ao escenario os anfitrións.

O xoves 30 será a quenda do alumnado do CPR Eduardo Pondal, de Cangas, que ofrecerá diversas interpretacións musicais.

O venres 13 os artistas chegarán do CEP Campolongo, mentres o



Un dos concertos da pasada edición. DAVID FREIRE

público estará formado polo alumnado de 6º de Primaria dos centros adscritos, que iniciarán Secundaria neste instituto o próximo mes de setembro. Así, aproveitarán a visita para asistir a unha xornada

de portas abertas na que percorreren as instalacións en grupos de dez persoas e coñecerán toda a oferta educativa do instituto, incluídos o programa Piteas ou os sete contratos-programa.